

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas e trinta minutos do día vinteseis de outubro de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; e D. José Ramón González Ledo; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dna. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

1º.- ACTA ANTERIOR.- Dáse conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 05 de outubro de 2017 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Expdt. 093/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. ANDRES MEAÑO CORES**, con domicilio a efectos de notificación na rúa A Torre, nº 17, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Construción dun invernadoiro tipo túnel**", no lugar de A Torre, na parroquia de Barrantes, no concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 36046F503004820001XO.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. DOCUMENTACION ACHEGADA

A documentación presentada no expediente é a seguinte:

Con data 27/04/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Solicitud de licenza de obras para construción dun invernadoiro de 3.888.00 m² (9,5 x 135 m).*

Con data 01/09/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Fotocopia de DNI.*
- *Escritura de Disolución de comunidade e adxudicación do terreo.*
- *Autorización de Augas de Galicia DH.W36.58198 de 24 de Agosto de 2.017.*
- *Xustificante de ingreso do ICIO correspondente ao presuposto das obras (81.648.00 euros).*
- *Proxecto de Instalación de Invernadoiros tipo Túnel para hortícolas, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Oscar J. Pose Andrade.*
- *Anexo I ao proxecto anterior, redactado polo mesmo técnico.*
- *Oficio de Dirección de Obra suscrito por D. Oscar J. Pose Andrade.*
- *Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde suscrito polo mesmo técnico.*

Con data 25/09/2017, ten entrada no concello de Ribadumia a seguinte documentación:

- *Autorización de Augas de Galicia DH.W36.58198 de 21 de Setembro de 2017, con rexistro de saída 10169/RX1325149.*

Con data 10/10/2017, preséntase Anexo II ao proxecto xustificando condicións urbanísticas da edificación, xustificación da dotación e conexión a servizos urbanísticos, xustificación de cesións a vial e compromiso de cesión por parte do solicitante.

Con data 24/10/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Autorización de Medio Rural (Ref: 2267/2017).*
- *Copia simple de Escritura de segregación, agrupación e cesión a viales, expedida polo notario Francisco-Manuel Botana Torron, con data 24/10/2017 (Nº1559).*

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada no P.X.O.M. como SOLO SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C) E SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE CAUCES E RIBEIRAS (SR-P3).

A nova construción está situada integramente en SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE CAUCES E RIBEIRAS (SR-P3), debendo cumprir coas esixencias deste tipo de solo así coma contar coas autorizacións sectoriais do organismo competente no mesmo.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito do Solo Rústico,..., aplicaráselle o disposto na Lei", a cal regula este tipo de Solo en la Sección 4ª, artigos 31 ao 40.

*O **Artigo 35** regula os Usos e actividades en SR enunciando no apartado g) como admisibles as construcións e instalacións agrícolas en xeral tales como as destinadas ao apoio de explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.*

No expediente xustifícase a instalación dun invernadoiro con fins agrícolas.

O **Artigo 39**, para obter o título habilitante municipal, esixe a xustificación dos extremos seguintes:

- a) *Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.*

O proxecto xustifica a dotación e conexión aos seguintes servizos:

- **Abastecemento de auga mediante pozo existente na finca.**
 - **Conexión a rede eléctrica existente na rúa Torre.**
 - **Evacuación e tratamento de augas residuais.**
 - **Recollida, tratamento, eliminación e depuración de residuos xerados na explotación.**
 - **Previsión de aparcadoiros.**
- b) *Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*
- c) *As condicións da edificación, características tipolóxicas, estéticas, construtivas, materiais, cores e acabados serán acordes á paisaxe rural e o volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes con unha altura máxima de cornixa de 7 metros.*

A edificación é de planta baixa cunha altura de 6,80 m., inferior á máxima autorizada.

- d) *Cumprir as condicións de posición e implantación nunha parcela mínima de 2.000 m², así como as condicións de ocupación máxima, que no caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela.*

O proxecto cumpre coas condicións de parcela mínima (superficie total de parcela: 11.993,04m²), porcentaxe de ocupación da mesma e retranqueos a lindeiros.

Establécese unha cesión de 95,96 m² e un retranqueo de 5 m. respecto do eixo do viario.

- e) *Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, **expresando a indivisibilidade e as concretas***

limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante municipal.

3. CONCLUSIONES

*Polo exposto, emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da autorización.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. ANDRES MEAÑO CORES**, con domicilio a efectos de notificación na rúa A Torre, nº 17, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Construción dun invernadoiro tipo túnel”**, no lugar de A Torre, na parroquia de Barrantes, no concello de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 094/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de D. Xoán Antonio Allegue López en representación da **Comunidade de bens Hernando Martínez**, con domicilio a efectos de notificación na rúa As Lagoas, nº 22, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Montaxe de emparrado”**, no lugar de As Lagoas, no polígono 504, parcela catastral 719, na parroquia de Barrantes, no concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 36046F504007190000ZW.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Preséntase comunicación previa de obras para montaxe de emparrado, nunha superficie de 4.900 m2, en finca situada no lugar de As Lagoas, Polígono 504, Parcela 719, Barrantes (Ribadumia).

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 11.079,50 €), por importe de 221,59 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada no P.X.O.M. como SOLO SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C) e como SOLO DE NÚCLEO RURAL

(SNR). As obras solicitadas encóntranse integramente situadas na parte da finca calificada como SR-C, debendo cumprir coas esixencias deste tipo de solo.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, que non contén co planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito do Solo Rústico,..., aplicaráselle o disposto na Lei", a cal regula este tipo de Solo na súa Sección 4ª, artigos 31 ao 40.

As obras solicitadas quedarán sometidas ao réxime do artigo 34.2.c da Lei 2/2016 e ao usos e actividades previstas nos artigos 35 e 39 da mesma.

As obras que se propoñen atópanse entre os usos e actividades previstos no artigo 35, apartados a), b) e g).

Segundo o artigo 39.c da Lei 2/2016, Condicións xerais das edificacións en Solo Rústico, sinálase unha altura máxima de 1,50 m para os peches de fábrica, autorizando excepcionalmente alturas superiores atendendo ás características da actividade.

3. Características das obras

As obras que se proxectan na finca son as seguintes:

1. Preparación do terreo mediante roza de maleza existente.
2. Labra superficial.
3. Escavación de ocos de para instalacións de zapatas e fincado de postes metálicos de 2.50 m. de altura e columnas de formigón, unidos mediante viguetas metálicas de 6 m. de lonxitude e arame e cable galvanizado trezado.

A superficie total da plantación será de 4.900 m².

4. Conclusións

Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **Comunidade de bens Hernando Martínez**, con domicilio a efectos de notificación na rúa As Lagoas, nº 22, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Montaxe de emparrado**", no lugar de As Lagoas, no polígono 504, parcela catastral 719, na parroquia de Barrantes, no concello de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 095/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. CARLOS MIGUENS GARCIA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa

Montiño do Medio, nº 28, sita no Concello de Cambados, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Peche de finca con muro de mampostería de pedra (31m)"**, no lugar de As Quintáns, nº 14, na parroquia de Sisán, no concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 6945601NH1064N0001ZR.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase peche de finca con muro de mampostería de pedra na fronte e no lindeiro norte dunha parcela situada no lugar de As Quintáns, 14, Sisán, nunha lonxitude total de 31 metros lineais, segundo se indica no plano aportado.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 1.860 €), por importe de 37,20 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguintes regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

*Será de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición. Neste caso, **o peche na fronte da finca terá que retranquearse 5 m respecto do eixo do camiño, non sendo necesario retranqueo no peche lateral.***

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Pechamentos, no citado PXOM:

2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m.

Segundo a Lei 2/2016, no artigo 24. Réxime e condicións de edificación en solo de núcleo rural, establécese:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

O material a empregar, muro de mampostería de pedra, considérase tradicional e harmoniza coa paisaxe, e polo tanto é unha solución adecuada.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. CARLOS MIGUENS GARCIA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Montiño do Medio, nº 28, sita no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras de "**Peche de finca con muro de mampostería de pedra (31m)**", no lugar de As Quintáns, nº 14, na parroquia de Sisán, no concello de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 096/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JORGE GIL SUAREZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Pereira, nº 13 A - 7, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Remate de peche de finca con varanda de lamas metálicas**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 9764919NH1096S0007KK.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase remate de peche de finca con colocación de varandas de lamas metálicas nunha lonxitude de 8,30 metros, no lugar da súa residencia.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 556,10 €), por importe de 11,12 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, así como na Modificación Puntual nº2 do citado PXOM, aprobada definitivamente o 17 de xullo de 2013, como "SOLO URBANO DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL BLOQUE EXENTO (ORDENANZA 3) (SU-3)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo III do Título VII: Normas particulares do Solo Urbano, artigos 156 ao 160.

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Condicións particulares:

3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.

Polo tanto, o remate de peche con lamas metálicas pode considerarse unha protección diáfana, non podendo superar unha altura límite de 2,50 metros.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenzia urbanística á **D. JORGE GIL SUAREZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Pereira, nº 13 A - 7, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Remate de peche de finca con varanda de lamas metálicas”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 097/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. CARMEN LOPEZ REY**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Pereira, nº 13 A - 8, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Remate de peche de finca con varanda de lamas metálicas”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 9764919NH1096S0008LL.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase remate de peche de finca con colocación de varandas de lamas metálicas nunha lonxitude de 9,60 metros, no lugar da súa residencia.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 643,53 €), por importe de 12,87 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, así como na Modificación Puntual nº2 do citado PXOM, aprobada definitivamente o 17 de xullo de 2013, como "SOLO URBANO DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL BLOQUE EXENTO (ORDENANZA 3) (SU-3)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo III do Título VII: Normas particulares do Solo Urbano, artigos 156 ao 160.

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Condicións particulares:

3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.

Polo tanto, o remate de peche con lamas metálicas pode considerarse unha protección diáfana, non podendo superar unha altura límite de 2,00 metros.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

3. Conclusións.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. CARMEN LOPEZ REY**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Pereira, nº 13 A - 8, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Remate de peche de finca con varanda de lamas metálicas"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 098/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARISOL MARTINEZ VÁZQUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Villaverde, nº 13, no lugar de O Couto de Arriba, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Limpeza e substitución de tellas e limpeza de fachada en vivenda"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 8940208NH1084S0001MB.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Preséntase comunicación previa para acometer labores de mantemento de limpeza e substitución de tellas en cuberta e limpeza de fachada en vivenda situada en Rúa Villaverde,13, Barrantes.

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 330,00 €), por importe de 6,60 €.

Non aporta licenza de construción da edificación; non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1942, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

Segundo a Lei 2/2016, no artigo 24. Réxime e condicións de edificación en solo de núcleo rural, establécese:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

O materiais e as cores a empregar deberán ser as tradicionais do lugar.

Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación, ao abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ao solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. MARISOL MARTINEZ VÁZQUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Villaverde, nº 13, no lugar de O Couto de Arriba, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Limpeza e substitución de tellas e limpeza de fachada en vivenda"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de

Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 099/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. FERNANDO RUIZ PADIN**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Rabadeiro, nº 2, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Construcción de vivenda unifamiliar"**, no lugar de A Bouza, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 36046D504205560000PD.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase licenza de obra para a construción de vivenda unifamiliar situada no lugar arriba referenciado.

Adxúntase a seguinte documentación:

- *Solicitud de licenza de obras.*
- *Proxecto básico e de execución, para construción de vivenda unifamiliar, asinado pola arquitecta Natalia Vidal Soliño (número de colexiación 4578), visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29 de setembro de 2017.*
- *Oficio de designación do director das obras do arquitecto autor do proxecto, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 25 de setembro de 2017.*
- *Oficio de designación do director de execución das obras do arquitecto técnico Sergio Moreno Alfonso e visado polo colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra con data 2 de outubro de 2017.*
- *Oficio de designación da coordinación en materia de seguridade e saúde do arquitecto técnico Sergio Moreno Alfonso e visado polo colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra con data 2 de outubro de 2017.*
- *Estatística da edificación e vivenda, asinado polo arquitecto autor do proxecto, con data de visado 29 de setembro de 2017.*
- *Estudo xeotécnico realizado pola empresa Geonox SL.*
- *Copia do DNI do solicitante, Fernando Ruiz Padín.*
- *Copia de escritura de compraventa da finca a favor de Fernando Ruiz Padín e María José Varela Pérez, e copia de nota simple informativa da anterior finca.*

- *Xustificante do abono do ICIO, por importe de 1.563,55 €, correspondente ao 2% do PEM (78.177,55 €).*
- *Escrito de cesión a viario e compromiso de conexión aos servizos existentes por parte do promotor da obra.*

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

O proxecto presentado cumpre as condicións de uso e condicións de edificacións establecidos para o solo de núcleo en canto a ocupación, edificabilidade, fronte mínimo, superficie de parcela, recuamentos, alturas e pendentes de cuberta.

Segundo establece o artigo 191.- Condicións particulares, apartado 1.- Condicións estéticas e de composición:

1) Fachadas e cubertas: Ademais de cumpri-las condicións estéticas xerais, procurarase a utilización de materiais e acabados propios da arquitectura local, como beirís, canterías tradicionais, cerrallerías de ferro, zócalos de pedra, etc, prohibíndose o emprego de elementos e acabados non tradicionais na zona, como cubertas planas ou con faldóns quebrados, revestimentos metálicos, plástico, aplacados cerámicos, ou revocaduras con imitacións de cantería ou ladrillo. Nas construcións destinadas a uso

residencial as cubertas serán de tella cerámica en cor roxiza, con faldóns continuos; autorizándose o emprego de fibrocemento nesa cor nas construcións auxiliares.

Así mesmo, segundo a Lei 2/2016, no seu artigo 24. Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural, no apartado 7 establécese que:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Que a xuízo deste técnico a solución arquitectónica proposta harmoniza co entorno.

O proxecto xustifica o cumprimento do establecido na lexislación vixente nas seguintes materias:

- *As prestacións do edificio polos requisitos básicos e en relación coas esixencias básicas do CTE, no que respecta a:*
 - o *Seguridade estrutural, en caso de incendio e de utilización e accesibilidade.*
 - o *Habitabilidade, hixiene, saúde e protección do medio ambiente, protección fronte o ruído, aforro de enerxía e illamento térmico.*
 - o *Funcionalidade na utilidade, accesibilidade e acceso os servizos de telecomunicación, audiovisuais e de información.*
 - o *Limitación de uso.*
- *CTE-DB-SI - Protección contra incendios.*
- *CTE-DB-SU - Seguridade de utilización.*
- *CTE-DB-HS - Salubridade,*
- *CTE-DB-HE - Exixencias básicas de aforro de enerxía e a cualificación enerxética provisional da vivenda e tipo, segundo establece no DB-HE o certificado de eficiencia enerxética.*
- *Cumprimento das normas de habitabilidade segundo decreto 29/2010 do 4 de marzo.*
- *Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia e decreto 35/2000, regulamento de desenrolo da lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, modificado polo decreto 74/2013 para a súa adaptación á directiva 95/16/CE.*
- *RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.*

O proxecto inclúe ademais a seguinte documentación obrigatoria pola lexislación vixente nas seguintes materias:

- *Información xeotécnica.*
- *Certificación de eficiencia enerxética do proxecto e verificación do cumprimento do CTE DB-HE 0 e CTE DB-HE 1.*
- *estudo de seguridade e saúde segundo disposto no RD. 1627/1.997 de 24 de outubro e disposicións posteriores.*
- *Plan de control de calidade, segundo decreto 232/1993 de 30 de setembro de Control de calidade na Edificación na comunidade autónoma de Galicia, e RD 314/2006, de 17 de marzo polo que se aproba o CTE modificado polo RD 1371/2007.*

Que segundo o artigo 12 do decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e do artigo 350 do decreto 143/2016, de 22 de setembro de 2016, polo que se aproba Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a otorgación da licenza otorgarase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.

*De todo isto despréndese que o proxecto presentado **CUMPRE** cos requisitos establecidos no PXOM e demais normativa que lle afecta.*

Este informe ten carácter exclusivamente técnico e independente de calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para a concesión da licenza solicitada.

Consideracións xerais:

1. *Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos (artigo 143 da lei 2/2016).*
2. *O principia-las obras deberá colocarse en lugar visible un cartel cos seguintes datos: Promotor/a, Técnico redactor/a, Técnico director/a da obra, Técnico director da execución e Técnico coordinador da execución da seguridade e saúde, Contratista, Nº de licencia e data da súa concesión (art. 71 do PXOM).*
3. *A licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses (artigo 145 da lei 2/2016).*
4. *Tanto o promotor como o construtor están obrigados a cumprir a lexislación vixente en materia de Prevención de Riscos e Seguridade e Saúde en obras de construción”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. FERNANDO RUIZ PADIN**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Rabadeiro, nº 2, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Construcción de vivenda unifamiliar**", no lugar de A Bouza, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 100/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JACOBO NUÑEZ GRAÑA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Piñeirón, nº 9, na parroquia de Leiro, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Construcción de 40 ml de peche de finca polo testeiro con muro de bloques ata 1 m de altura**", na finca sita no lugar do seu domicilio, na parroquia de Leiro; Ref. Catastral. 0888110NH2008N0001WF.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 1.965 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

PECHE DO TESTEIRO CON MURO DE BLOQUES

Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "[.../...] 3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordos estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pechase con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m. [.../...] 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares.”

En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima de ata un metro con elementos cegos, completados no seu caso con

proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ous solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50 m.

O muro de estética conforme o lugar e a altura da aprte cega do muro non superará o 1,00 m, e a parte diáfana os 2,50 m.

Respecto da aliñación dos camiños se estará o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición: no que indica que deberá retranquearse 5 m do eixo do camiño e 4 m nos camiños sen saída.

O muro respecto do lindeiro sur deberá retranquearse 4 m.

Non require retranqueos por tratarse dun muro que non testa con camiños, e por tanto non estaría afectado polo establecida no artigo 190.5.2 do PXOM.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

O material son bloques de formigón que deberán ir revestidos e pintado con cores acordes cos do entorno para harmorizar coa paisaxe.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Os muros de peche se consideran obras menores

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previas

1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JACOBO NUÑEZ GRAÑA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Piñeirón, nº 9, na parroquia de Leiro, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a **“Construción de 40 ml de peche de finca polo testeiro con muro de bloques ata 1 m de altura”**, na finca sita no lugar do seu domicilio, na parroquia de Leiro e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 101/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. EUGENIO VARELA COBAS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Tabueiros, nº 7A, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construción de peche de parcela”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán; Ref. Catastrais. 36046G501010860000GE e 36046G501010860001HR.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Que as parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordeación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **“SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-7)”**, cuya ordenanza de aplicación ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo II do mesmo título, artigos 255 ó 258.*

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición “transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento” que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [..../....]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Debendo cumprir o mais desfavorable entre o sinalado no Plan Xeral de Ordeación Municipal e a Lei 2/2016, do solo de Galicia.

*Segundo establece o apartado 2 do artigo 31. Concepto e categorías, o rexímen aplicable o sólo rústico común, na nova lei 2/2016 do solo de Galicia, e a de **SÓLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA.***

OBRAS SOLICITADAS

Se pretende a construción de 40 ml de muro de peche de parcela con costais de pedra ata 1,50m de altura.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A) LEI 2/2.016 DO SOLO DE GALICIA

Tendo en conta o establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia, que nos apartados a) e b) da Subsección 2ª. Condicións de uso, artigo 35. Usos e actividades en solo rústico, establece entre outras o seguinte:

*1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:
[.../....]*

b) Muros de contención, así como valado de predios.

E o que se establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación, Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. [.../....]

c) Cumplir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno, sen perxuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

[.../....]

- Os peche de fábrica non poderán exceder de 1,50 m de altura, debendo adaptarse o medio no que se ubiquen. [.../....]

O muro de peche e de costais de pedra e a altura non superará o 1,50 m.

d) Cumplir as seguintes condicións de posición e implantación:

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

Os muros de peche non conlevan abancalamiento nin alteración do estado natural dos terreos.

B) PXOM DE RIBADUMIA

No PXOM, na sección V: Condicións de edificación, no arto 214.- peches, establece o seguinte:

1.- No solo rústico, os peches provisionais das fincas deberán facerse mediante valados de arame, con altura máxima de 1,50m, sen elementos punzantes a vía pública, que non necesiten obras de cimentación, suxeitos con soportes ou postes de sección máxima de 10 x 10cm separados a unha distancia mínima entre eles de tres (3) metros. Estes peches poderanse situar nos límites da finca, a unha distancia mínima de 0,50m do borde do camiño existente que, no seu caso, delimitará o Concello, considerándose unha instalación provisional ata que non se garden os retranqueos obrigados para os peches definitivos.

O peche e definitivo

2.- Os pechamentos definitivos das fincas que se realicen nesta clase de solo resolveranse con obra de fábrica en solucións tradicionais da zona, [.../.... Derogado pola lei do solo .../...]

Estes pechamentos situaranse a unha distancia mínima de cinco (5) metros do eixo do camiño, en pistas principais de parcelaria e de 4 no resto, cun mínimo de 2,50m ó borde exterior da capa de rodadura da vía

O muro deberá executarse a 5 m dos eixos dos camiños ou a aliñación establecida no plano da ZCP Sisán.

3.- En ningún caso, os pechamentos poderán interromper o curso natural das augas nin favorece-la erosión ou arrastre de terras.

O muro non impedira a libre circulación das augas

4.- Os pechamentos realizados con vexetación ornamental terán que realizarse de acordo co establecido no artigo 61 da LSG, desprazándose polo menos unha distancia de 6m ó eixo da vía pública a que dean fronte si é pista principal de parcelaria e de 4 no resto.

5.- En todo caso, nos pechamentos provisionais e definitivos estarase ó disposto na lexislación de estradas.

O peche non se atopa dentro de zonas de afección de ningunha estrada provincial, autonómica ou estatal.

Consta no expediente o abono da taxa do ICIO, por importe do 2% do valor estimado das obras.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. EUGENIO VARELA COBAS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Tabueiros, nº 7A, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a **“Construción de peche de parcela”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 102/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de D. Rodolfo Bastida Caro en representación de **Bodegas Ramón Bilbao, S.A**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Santo Domingo, nº 34, no concello de Haro, sito en La Rioja, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas”**, no lugar de O Couto, s/n, parcelas do Acordo

de Concentración Parcelaria Lois - Montes de Ribadumia 37, 38, 51 e 54, sitas na parroquia de Lois e que se corresponden en parte ou totalmente coas fincas con Ref. Catastrais. 36046A026007110000YO, 36046A026007090000YK, 36046A026007100000YM, 36046A026007120000YK, 36046A026007060000YF, 36046A026007080000YO, 36046A026007130000YR e 36046A026007140000YD.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada **SÓLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN** tendo varias cualificacións, en parte como **PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**, en parte como **PROTECCIÓN AREAS DE INTERESE PAISAXISTICO - RIBEIRAS DO UMIA (SR-P2 / AIP-1)** e en parte como **XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS - ARQUITECTURA CIVIL PAZO DO MONTE OU QUINTEIRO DA CRUZ (SR-P5/AC-11)** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

E segundo o artigo 34. Solo rústico de especial protección.

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Que ven a substituir o SR-P7

c) Solo rústico de protección das augas, constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente.

[.../....]

f) Solo rústico de protección de espazos naturais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.

Que veñen a substituir o SR-P2

[.../....]

h) Solo rústico de protección patrimonial, constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural.

Que veñen a substituír o SR-P5

[.../....]

DOCUMENTACIÓN APORTADA

Se aporta a seguinte documentación:

- *Comunicación previa a nome de Rodolfo Bastida Caro en representación de Bodegas Ramón Bilbao, S.A., para o acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas.*
- *Copia da escritura de apoderamento otorgada por BODEGAS RAMÓN BILBAO, S.A. a favor de D. Rodolfo Bastiza Caro con NIF 16.553.113-J, como gestor entre outros.*
- *Proxecto básico para o Acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da denominación de orixe "Rias Baixas". Asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Ramón Martínez Mouriño, colexiado 404 do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de A Coruña e Pontevedra.*
- *Aceptación do cargo de director de obra polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Ramón Martínez Mouriño, colexiado 404 do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de A Coruña e Pontevedra.*
- *Xustificante de abono de taxas do ICIO, correspondente o 2% sobre o PEM de proxecto.*
- *Autorización previa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio rural da Xunta de Galicia, de fecha 31 de marzo de 2.017 (codigo expte 01370B_559_560_561_562_201700530). solicitada por Mar de Frades, S.L. para que o explotador vitícola Ramón Bilbao, S.A. poida plantar viñero nos predios num. 37, 38, 51 e 54 do polígono 2 na zona de concentración parcelaria de Lois-Monte de Ribadumia, debendo cumprir as condicións que nela establece.*
- *Escritura de constitución da sociedade BODEGAS RAMÓN BILBAO, S.A.*
- *Solicitud de información sobre o trámite de avalización de impacto ambiental simplificado, promovido por BODEGAS RAMÓN BILBAO, S.A. polas obras de acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas; formulada o concello pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.*
- *Autorización a BODEGAS RAMÓN BILBAO, S.A. para as obras de acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas; emitida por Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (expediente DH.W36.57760).*
- *Copia do informe resolución que emite a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático polo que se formula Informe de impacto ambiental para proxecto de BODEGAS RAMÓN BILBAO, S.A. polas obras de acondicionamento de fincas para a plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas e que e aportado polo autor de proxecto, en nome e representación do solicitante.*

TRABALLOS A EXECUTAR

O proxecto nos dí textualmente "que a propiedade constituyó en tempos pasados unha explotación agrícola importante, estando a práctica totalidade do seu terreo dedicada a cultivos agrícolas.

Dentro del conjunto de la propiedad existen varias plataformas, organizando el terreno para salvar los desniveles, con un abancalamiento que puede ser perfectamente aprovechable para el uso que se le pretende dar en el futuro.

Polo tanto, o obxectivo da entidade peticionaria do proxecto e recuperar ol antigo aproveitamento agrícola da finca, orientándolo hacia a produción de uva acollida a D.O. Rias Baixas, tratando de respetar no posible a actual organización da topografía do terreo e sin afectar no máis mínimo as zonas especialmente protellidas, tanto por Patrimonio, na zona calificada como Protección Arqueolóxica, como por Augas de Galicia, na zona de servidume limítrofe cos ríos Cañón e Umia.

Para lograr estos objetivos se organizara o traballo nas seguintes fases:

- Limpeza e desbroce da propiedade mediante desbrozadora arrastrada, de cadeas ou martillos e manualmente nos límites do perímetro, bancales, muros e todas aquelas zonas nas que non poida realizarse de maneira mecánica.*
- Destoconado para eliminar os tocons dos árbores talados, mediante retroexcavadora, con carga e transporte a vertedeiro.*
- Organización das diferentes plataformas, axustándose na posible os actuais bancales e adaptándolos a futura planificación dos sistemas de formación do viñado a implantar.*
- Pase de ripper e despedregado para deixar a estrutura do terreo nas adecuadas condicións para a implantación do viñado".*

Para executar este traballos se seguira o seguinte proceso:

- 1. Efectuar a limpeza e desbroce do terreo*
- 2. Estudo topográfico con altimetría definindo o estado topográfico final, tratando de equilibrar resultados de desmontes e recheos de tal maneira que non sexa necesario sacar nin aportar ningún tipo de material.*
- 3. Replanteo e sinalización das obras do acondicionamento resultantes do estudo topográfico.*
- 4. Preparación do terreo:*
 - a. Destoconoado de eucaliptos talados, con retroexcavadora mixta e transporte do tocons a vertedeiro autorizaco.*
 - b. Acondicionamento do terreo con bulldozer con ripper en pases cruzados, extraendo pedras e reices do terreo e realizando a primeira intervención para a posterior transformación.*
 - c. Establecemento de aliñacións dos bancaís nas zonas nas que fose necesario, aproveitando os existente e regularizando as plataformas de cultivo para adecualas os formatos de plantación decididos.*
 - d. E por último traballos de movementos de terras en base o estudo topográfico, para deixar o terreo nas condicións axeitadas para os sistemas de formación e plantación.*

5. Organización para a recollida de pluviais e os sobrantes dos mananciais existentes na finca que nos sexan aproveitados. Para elo se organizaran e canalizaran hacía o río Umia, de tal maneira que non produzcan arrastres nin na finca nin na zona de servidume do río.

Segundo establece o apartado 1 do artigo 35. Usos e actividades e solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos.

b) Muros de contención, así como valado de predios.

[.../...]

**As obras solicitadas estarían contempladas
Ainda que existen bens patrimoniais o proxecto non contempla
afeccións aos mesmos.**

Segundo establece o Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

[.../...]

5. Así mesmo, poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, logo da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

[.../...]

As obras solicitadas son admisibles en calquera categoría de solo rústico.

O solicitante dispon do título de adxudicación das terras da ZCP Lois Monte de Ribadumia, que emite Medio Rural e autorización para os dereitos de cultivos na finca.

A concesión da licenza levará implícita a concesión do título habilitante municipal.

Segundo establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación, no Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a

subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

No proxecto non se contemplan edificacións, o resto de apartados se xustifican no proxecto.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

O proxecto foi sometido a informe de incidencia ambiental simplificada e debera cumprirse con todo lo especificado na resolución emitida o 12 de setembro de 2017 pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (Clave do expediente: 2017/0091).

En especial as condicións que establece a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tendo en conta que previo o inicio das obras deberá realizarse unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito do proxecto, seguindo as indicacións que establece e deberá ser levada a cabo por técnicos competentes autorizados por esa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tal e como establece na LPCG e no Decreto 199/1997. A mesma resolución establece que previo inicio do proxecto o promotor deberá contar coa autorización expresa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, segundo o recollido neste informe. Adjuntando copia da mesma antes do inicio das obras e coa presentación do proxecto de execución.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

O proxecto de execución definirá as características xeométricas dos muros se fosen necesarios e os materiais empregados serán acordes cos tradicionais da zona

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

Non se proxectan edificacións

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

Non se proxectan peches

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

Non se proxectan edificacións

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

As plantacións de viñado son propias do solo rústico de especial protección.

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscripción doutras parcelas.

A superficie da parcela en moi superior a mínima establecida

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Non se proxectan edificacións

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

Non se proxectan edificacións

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

Non se proxectan edificacións

– As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Os muros se definirán no proxecto de execución, seguindo as indicacións establecidas neste apartado.

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da

superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

A propiedade aportará copia da vinculación no rexistro da superficie exixible, nes termos que establece a párrafo anterior.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Non se proxectan edificacións

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

Non se proxectan explotacións gandeiras

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Non se proxectan edificacións

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Non se proxectan explotacións gandeiras

Segundo o disposto no artigo 45 de la Ley 21/2013, o proxecto presentado se aporta resolución para o do trámite do DOCUMENTO DE INICIO DE LA EVALUACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SIMPLIFICADA.

Deberá cumprir todo o que nela se establece.

A actuación contemplada no proxecto, está incluída no Anexo II "Proyectos sometidos a evaluación ambiental simplificada regulada no título II, capítulo II, sección 2a", de la Ley 21/2013, de 9 de Diciembre, de evaluación ambiental, concretamente no Grupo 1, apartado d) "Proyectos para destinar áreas naturales, semi-naturais o incultas a explotación agrícola que no estén incluídos no anexo I, cuya superficie sexa superior a 10 Ha."

A Evaluación ambiental simplificada do proxecto, se efectúa no ANEXO 2 do proxecto.

Entre os aspectos ambientais significativos que analiza están:

- *Clima, paa o que utilizan os parámetros do observatorio de Tremeoedo, por ter características similares.*
- *Topografía e pendentes: plantexa, pese a non definilos, que os terraplens e desmontes sexa ñ de moi escase entidade.*
- *Xeoloxía: para determinar o substrato no que se asenta o terreo, fai uso da folla 152 da base cartográfica do IGME e a correspondente memoria.*
- *Hidroloxía: sendo a da bacía do Umia e por tanto da Demarcación hidrográfica Galicia Costa; e considerará as seguintes zoas:*
 - o *Dominio Público hidráulico que afecta a unha franxa de terreo de 5 m de ancho o lado do leito dos ríos Umia e Cañón, no que non se podrá realizar ningún tipo de actuación.*
 - o *Zona de Policía de leitos, que afecta a unha franxa de 100 m de ancho que discorre o lado de ambos ríos, na que será necesaria autorización de Augas de Galicia para calquera actuación que se proxecte.*

Aporta a autorización correspondente, debendo cumprir o que nela se establece.

- *Espazos naturais protexidos: A zona de actuación non se atopa dentro de ningún área de protección de espazos naturais.*
- *Medio Básico: Biogeográficamente encadra o municipio na Rexión Eurosiberiana, provincia Atlántico-Europea, subprovincia Atlántico-Cantabrica, sector Galaico-Portugúes.*
